

# Columba

## Revista Cultural

*Número 15 • 2015*

Columba

Columba Revista Cultural • Número 15 • 2015

# Columba Revista Cultural

*Número 15 • 2015*

## Asociación Cultural Columba

Cobas - Rajón s/n • 15594 Ferrol • Tel.: 616 393 125

www.sociedadecolumba.com correo@sociedadecolumba.com


## Sumario


*Os seres míticos. Lendas e contos da Terra Extrema* • Xabier Monteiro Graña • *2*

*O insólito dalgúns topónimos* • Henrique Dacosta López • *34*

*Un estimulante coloquio sobre* Os desherdados • Henrique Dacosta López • *38*

Unterseeboote *en nuestras costas* • Mario Valdivieso Mateo • *40*

*Los cañones de O Medote • José López Hermida /* Yago Abilleira Crespo • *60*

*La minería del oro. La mina de Cobas* • Miguel García Bañales • *67*

*Aurora Rodríguez, nai da nena-prodixio Hildegart* • Manuela Santalla • *78*

*Enrique* Pereira • Luis Garrido Labrada • *83*

*O pecio descoñecido de Santa Comba.* • José López Hermida / Fernando Patricio Cortizo • *87*

*El pecio de Santa Comba. Playa de Cobas, Ferrol* • Á M. Rodríguez C. / C. Vilches Marín • *97*

*O río*• Paulino Gasalla • *102*

*As aves migratorias, os outros visitantes de Prior* • Xan Rodríguez Silvar • *106*

*Nuestras plantas: el Rusco (Ruscus Aculeatus L.)* • María Sánchez de Toca Gusano • *120*

*Los movimientos navales (...) en la Ría de Ferrrol...* • Victoriano Rodríguez Lorenzo • *120*

*Las bufardas* • Santiago Sánchez de Toca Acebal • *134*



### Sociedade Cultural Columba

#### Xunta Directiva

*Presidente:* José López Hermida

*Secretaria:* Dolores Pazos García

*Tesoreiro:* Juan C. López Hermida

*Vocais*

Fernan Gómez Filgueiras

Hipólito Castro Couce

Miguel Salas Bruquetas

### Patrocinio

Cetárea Depuradora de Cobas

Ruta 24, Formacion Vial

Restaurante La Muralla

Bar El Sur

***A Sociedade Cultural Columba non se fai responsable das opinións expresadas polos autores dos artigos***



*Artes Gráficas Narón* *D. L.: C-2.408-2005*

**Diseño y maquetación:** Miguel Salas

**Foto de portada:** José López Hermida

# Os seres míticos. Lendas e contos da Terra Extrema (Serantes - Ferrol. Cultura espiritual. Etnografía)

*Xabier Monteiro Graña*

Como outros pobos, Galicia é herdeira dunha inmensa narrativa de tradición oral (conto folklórico) en cantidade e calidade o que contrasta coa escasede de traballos de recompilación con etnotextos ben documentados e da súa correspondente catalogación como é a norma en uso na antropoloxía actual en todo o mundo. Tamén é sorprendente a escasísima narrativa de tradición oral propia do mar ou relacionada con el recollida por escrito na bisbarra (mitos, lendas e contos) sendo noso pobo costeiro, mariñeiro e pescador desde sempre. Continuamos a publicación anterior coa proposta de transmitir e salvar do esquecemento o máximo posible nosa tradición oral que levamos recollida na vella terra extrema do antigo concello de Serantes e pasala a etnografía escrita como a mellor maneira de protexer e salvagardar o noso patrimonio inmaterial cultural i espiritual que herdamos nos últimos séculos. Tódolos etnotextos merecerían dun extenso comentario informativo ou explicativo como lóxicamente non é posible neste espazo farei so unhas anotacións orientativas do que quizais sexa menos coñecido ou esquecido popularmente. Para os que están familiarizados neste tipo de narrativa oral axiña daranse conta que prácticamente tódolos etnotextos están incompletos pois xa non se recorda a versión enteira antiga do orixinal e moitos apenas esbozados so conservan o "motivo" folklórico o mínimo da catalogación universal, pero esto é así, e así hai que respectalo. Atopar aínda hoxe algún destes contos é máis que un tesouro, unha reliquia. Aquí presento esta quinta achega transcrita da versión oral.

### A moura encantada do Río da Cruz

*Contan os vellos do lugar que fai tempo existían moitas cousas encantadas nesta rexión, e unha delas era unha preciosa moza que tiña unha tenda xunto o Río da Cruz. Di a lenda que quen conseguira rompelo feitizo que sobre ela había volveríase rico. Atraídos por tal reclamo presentáronse unha gran cantidade de mozos, pero todos eles fracasaron, ata que por fin chegou un rapaz novo que estaba seguro de que rompería o encantamento. Con tal intención*

*dirixiuse a xoven para preguntarlle polo modo de levar a cabo tal desencantamento, ao cal ela respondeulle: - Que pasara o que pasara non debía asustarse. Tras haber entendido cal era a súa labor, marchou prometendo volver o día seguinte. E así o fixo cando chegou ao mesmo lugar atopou unha horrible serpe que enroscouse nas súas pernas subíndolle polo corpo arriba. Recordando a advertencia da moza repremeu o medo e os nervos e permaneceu sereno. ¡Había vencido! E a serpe desapareceu e fronte os seus ollos apareceu a bela moza, ao tempo que baixo os seus pes abriuse a terra deixando o descuberto un enorme tesouro. (quedando a moza desencantada e formándose así a feliz parella)*. (Trad. oral, Pieiro/Doniños. Francisco Serantes. 1899-1995).

**O Encanto do Campo do Pieiro. Pena Bicuda**

*O meu pai me falaba de que había libros antigos (O Ciprianillo) nos que se falaba dun sitio encantado fronte o Poniente. O sitio era un boquete que había no campo do Pieiro e que estaba encantado. Para que o encanto se desfixera había que atopar a un cura, pero non valía un cura calquera, tiña que saber ler e desler. Cando o atoparon (ao cura) foi o Campo do Pieiro cun grupo de homes aos que se lles encargou que cavaran no lugar. Atoparon unha pedra moi grande e ó levantala se lles apareceu un enorme sapo. Cando había estas cousas de desencantamento din que non se pode falar de Deus, pero un neno que ía cun dos homes, o velo sapo, se asustou e dixo: —!Ai Xesús me vaia!, e de repente todos, homes, neno e cura, foron de cabeza o chan por encantamento, e apareceron o día seguinte no coto de Segaño. No Campo do Pieiro de Abaixo, cando escavaron alí saíu un sapo, e un soldado que alí estaba asustouse e fixo un xuramento, e nese momento pechouse o pozo. O contaba o meu bisavó.* (Trad. oral, Pieiro/Doniños. Francisco Serantes. 1899-1995). (Relacionado co tipo ATU 817, o demo/ser mítico/ fuxe ao oír o nome de deus.)

**Pena do Mouro**

*Din que as casas dos mouros estaban enterradas. Cerca da Pedra do Mouro (Pena do Capitán García) había unha cova con tesouros enterrados. Veu moita xente a escavar, pero alí non atoparon nada. Eu creo que tivo que haber unha guerra e a xente que vivía alí enterrou as súas cousas* (Trad. oral, Pieiro/Doniños. Francisco Serantes. 1899-1995).

**Silla do Mouro. Pena da Silla ou Pena do Muro**

*Cando o mouro Almanzor veu a conquistar Galicia chegou por mar a esta zo-*

*na de Doniños e desembarcando aquí sentouse nesta pedra a descansar.* (Trad. oral, o autor, rec. de Nicanor veciño de Doniños, 1978).

Esta espectacular pena, grande e fermosa xunto coa *Pena Bicuda* hoxe están desaparecidas debido a construción do porto exterior quizais innecesariamente por quedar nos lindes do trazado.

### OS MOUROS NA LAXA GRANDE

*Nunha ocasión chegaron o pobo (do Pieiro) uns enxeñeiros que viñan preguntando por un lugar que estaba case aillado polo mar, un lugar que eles crían que fora asentamento de mouros. Xente do Pieiro levounos a Laxa Grande, pois correspondía coas características que aqueles homes lles deran. Cavaron e cavaron e polo medio das pedras atoparon restos de olas de barro. Cando eu tiña 30 anos e fomos facer o túnel dos proxectores para a guerra, sacamos de alí moita pedra, e no medio das gretas atopamos pedaciños de olas de barro, eu creo que serían dos mouros de cando ían alí a pescar. Meu pai tamén contoume que atoparon anacos de olas nunhas antigas murallas que había antes no faro, tamén serían dos mouros.* (Trad. oral, Pieiro/Doniños. Francisco Serantes. 1899-1995).

### OS MOUROS NO LUGAR DE VIÑAS

*Nas terras de Viñas, cando as preparabamos para a labranza, levantamos moitas pedras coas que fixemos os muros das terras, e entre esas pedras atopamos moas de moer dos mouros. Aínda hoxe si vou alí son capaz de atopar algunha nos muros, cerca da zona queimada. As pedras non tiñan burato que cruzaran de lado a lado, era un pequeno burato no centro de uns dous ou tres centímetros de fondo. Terían tamén uns 10 centímetros de alto e 50 de diámetro.* (Trad. Oral, Pieiro/Doniños. Francisco Serantes. 1899-1995- As lendas anteriores recollidas por Rosa Rouan).

O muíño de man romano, se compón de dúas pedras cilíndricas, a da base que é fixa "meta" ea superior "catilus". que é a móbil (capa ou rodicio). O etnotexto nos fala da "meta". Este e outros achados da época castrexa e tardorromana, da cultura galaico-romana, son frecuentes nas terras do antigo concello de Serantes.

### A NUNCIA ENCANTADA DO PRADO. A MOURA MNCANTADA

*Me contaba meu avó que no Prado das Pichocas había unha Nuncia que estaba encantada non era unha sirena das que viñan do mar.* (Trad. oral en Covas de Amado López Rodríguez. Recollido por Juan López Hermida en 2009)

**O Trasno do Camiño. O Carneiro. O Año. O Diaño Burleiro**

*Un veciño que fora o muíño do Valán, despois de que rematara de moer colleu o saco de fariña e botouno o lombo e saíu do muíño; cando levaba andado un bo treito notou que o saco pesaba cada vez máis e así era que canto máis andaba máis pesaba, ata que chegou un momento en que xa suando non puido con el éo tivo que guindar no chan. O saco o caer abriuse pegando un estoupido moi grande e saíu un carneiro que desapareceu voando polo aire e facendo moito ruído. —Era cousa do demo (diaño burleiro).*

*Noutra versión: o que caeu de dentro do saco ao chan eran pedras en vez de fariña.* (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, meu tío Ramón, 1965) (Boggs, 831*B). (Versión 1)

*Un día un home de Valón despois de rematar a moenda da tanda que lle tocaba volvía denoite para a súa casa, cando no medio do camiño veu un carneiriño famento e aterecido de frío, el colleuno para levalo e darlle algo de comer. Botou o carneiro ao lombo e seguiu camiño adiante. Ao chegar a casa deullo a súa muller para que o quentara e lle dera algo de comer. A muller compadecida do animal acercouse a lareira e sentouse achegándoo aniñado a súas saias. De repente o año cando xa estaba quente, pegou un berrido e dixo:. —Vinche o cu, e vinche as pernas éo niño das abellas, e aí te quedas. —e a muller espantada dixo —¡Ai Deus me valga esto é cousa do demo! E o dicir esto o carneiro pegou un brinco e un estoupido e desapareceu* (Trad. oral familiar e un veciño de Valón, 1975) (Boggs, 831*B). (Versión 2)

Existen moitas e diferentes versións en toda a Península, sobre todo en Andalucía, aquí tamén era moi coñecida a do home que colle o año ao lombo e que logo lle mexa por riba del.

**O Trasno do Muiño do Valán**

*Un día dúas rapazas de Valón foron a moer na súa tanda ó muiño do Valán, cando chegaron alí, apareceulles na beira do camiño un neniño esbrancuxado e morto de frío e as rapazas ó velo así desvalido o recolleron éo acurrucaron no colo levándoo ao muíño e déronlle calor, e cando o neno estaba xa quentiño, esfumouse e subiuse arriba do tellado do muiño e burlándose delas púxose a cantar dicindo: —Cucurucú, as nenas bonitas, quentáronme o cu. —¡Ai Xesús nos valga! E o año desapareceu voando. Era o demo. As rapazas eran coñecidas nosas. Era unha desas cousas que había antes. O muíño era comunal con dereito a moenda de varias familias entre elas a nosa que tiña-*

*mos unha tanda.* (Trad. oral familiar, miña nai e meu tío. Pereiro/Valón, 1965). (Relacionado co tipo ATU 817, o demo fuxe ao oír o nome de deus.)

**O CABALO DO AIRE. O CABALO DO PORTO DO RÍO**

*Certo día o propietario dun prado do Porto do Río, cando se acercaba a este para segar, veu un cabalo comendo na herba, quedou moi estrañado xa que non era costume de ver por alí ningún cabalo e acercándose o escorrentou dicindo: —¡Ei cabalo do demo!— Entón sorprendentemente o cabalo levantou o voo dando un estoupido e facendo moito ruído, ¡Rous... Rous... Rous! desaparecendo polo aire. Era cousa do demo.* (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, miña avoa María, 1891-1977). (versión 1)

**A EGUA DO AIRE. O CABALO DO PORTO DO RÍO**

*A señora Avelina contou que un día, ía un home de Valón Vello polo prado do Porto do Río e veu unha egua pastando, entón el colleu un pau para botala fora, e cando ía a tocarlle co pau, a egua se escagarriou —¡Tro porrotrou, trouuu! trotando e desapareceu voando polo aire facendo moito ruído. Era o cabalo do demo. E dicían que a señora Avelina andaba denoite polos camiños, se supoñía que era vidente e moi sabida e entendida nestas cousas.*

**O Alicornio.** *Tamén se contaba que andaba un cabalo polos montes de Valón e se lle aparecía a unha persoa e que tiña un corno so na fronte.* (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, miña avoa María Vidal, 1891-1977). (versión 2)

Outros nomes: O Cabalo, O Cabalo do Aire. , O Cabalo do Río /da Auga, A Egua voadora, éo O Cabalo Pantasma. As veces se toma esta egua como o trasno ou o diaño burleiro debido ao seu poder de transformación en calquera cousa, o que o convertería en: Diaño Burleiro, Diaño Buleiro, O Demo, O Diaño, O Demontre, etc. Estes contos e os das ánimas dos camiños eran dos máis coñecidos e repetidos dos veciños na miña parroquia (Doniños) antigamente. As anteriores narracións parece faltarlle a invocación da protección cristián —¡Ai Xesús! o que convertería o conto/lenda nos relacionados co tipo ATU 817, do catalogo universal.

**O TRASNO DA CASA**

*Un día estaba eu (de neno) arriba xogando na sala e oín un zoupido moi grande ea miña avoa desde o curral dixo: —¡Que foi eso! — Entón eu baixei correndo para saber o que pasara e ó chegar vin o cazo tirado no medio do solo da cociña o lume da lareira desfeito os carozos espaleados éo trespés*

*emborcado. —Foi o Trasno — E lle preguntei: —¿E onde está? —e respondeu: —Foise pola ventá e marchou pola figueira, asomeime a ventá e mirei por entre as pólas éas follas da figueira por ver si o vía, pero non vin nada, o demo do Trasno non me esperou. O Trasno é pequeno, mouro e peludo tiña rabo, patas de cabra e cornos na cabeza éas veces dicían que tiña un so corno. Miña avoa dicíame. —¡Vai de aí que eres un trasno! Cando vimos a vivir a Ferrol, o trasno parece ser que non lle gustaba a cidade e quedouse no lugar coa miña avoa. Non foi de casa mudada.* (Trad. oral familiar, o autor, Valón, aprox. 1960)

Noutras zonas tanto da Península como de Europa o trasno ten outras descricións físicas diferentes as da nosa parroquia.

**O Pesadelo. O Tardo**

*Eu era moi neno, e pola mañá espertei moi sobresaltado. O soño o recordo moi ben; eu ía baixando polo camiño da Corredoira de García cando saíu do medio das casas un can mouro doente ladrándome coma un condenado, eu púxeme a correr e non daba corrido parecía como senón me moverá do sitio, e canto máis quería correr menos avanzaba; cando estaba a punto de collerme caín por un arribón, éo chagar abaixo sentín unha zoupada e nese mesmo momento, espertei cun gran peso no peito éo corazón acelerado. Conteille esto a miña avoa, i ela me dixo —¡O que tiveche foi un Pesadelo! Así souben quen me veu a visitar.* (O autor en Valón aprox. 1960)

O *Pesadelo* ou *Tardo* é o trasno do soño que se pousa por riba do peito cando estamos durmindo e nos provoca iso: "os pesadelos" e certo malestar no peito como un peso. Non se debe confundir con Pedrochosco outro dos nosos seres míticos encargado de durmir os nenos.

**A Culebra e a Vaca. A Serpe Mamadora**

*Nunha casa da parroquia (Doniños) unha familia tiña a vaca na corte, e cando a ían muxir, a vaca nada, apenas daba leite, volvían ao outro día e tampouco. Sospeitaron que algo lle pasaba ao animal e se puxeron a vixiala. Cando se fixo de noite viron a unha culebra que lle subía pola perna e lle ía a mamar o teto. Collérona cun pau e matárona e así se acabou todo. A vaca volveu a dar leite. Se cría que a serpe ven denoite e chupar o leite do teto dunha vaca sen que esta se enterase por facelo moi suavemente. Pero o que é peor tamén se dicía que llo poden facer as mulleres*

*cando están criando (dando de mamar) un neno e se quedan durmidas. Tamén se dicía que as culebras lles gusta moito o leite, e que por eso van a mamar nas ubres das vacas.* (Trad. oral familiar, meu tío Ramón, e veciños, Valón, 1965)

*A culebra metíase na corte subía pola perna arriba da vaca e chupáballe o leite. A culebra se lle das de comer tódolos días no mesmo sitio se fai amiga túa. Os lagartos verdes tamén. Cando unha vaca non se salía (non entraba en celo) íase polos campos e montes a buscar a camisa (a pel da muda) dunha culebra, se traía e se envolvía nunha verza ou outras follas e se lle daba de comer a vaca, é entón salíase. Este era un remedio moi eficaz. Un día un home que ía por un camiño do Regueiro que vai para o cemiterio de Doniños, dixo que se atopara cunha serpe que estaba enroscada nun pino que lle impedía o paso, quedando moi estrañado, pero como levaba a fouce a partiu en varios cachos e os deixou colgados de varias polas. Se pensaba que podía ser un ánima que ía de pelerinaxe a San Andrés de Teixido, pero din que as serpes poden enroscarse formando unha roda e así baixar a rolos monte abaixo.* (Trad. oral familiar, meu tío e veciños, Valón, 1970, i en Covas 2002)

*Un home da Mourela (Neda) dicía que as culebras baixaban rodando do monte de Ancos en forma de rodas co rabo na boca, e que o chegar abaixo culeabran bailando. Todos os veciños se rían del cando o contaba (esta forma de desprazamento das culebras)*. (Trad. oral, recollido en Ferrol dun veciño da Mourela, 1978)

*Se dí que a culebra hipnotiza os paxaros quédase moi quieta como si estivera morta, estes quédanse quedos mirando para ela que os atrae coa vista e cando caen xunto dela os atrapa éos come. Dise que cando un é mordido por unha culebra (víbora) débese matar e collela, e coa súa sangue e unto facer unha apócema e colocala sobre a ferida para así sanar. Tamén se dicía que coa pel da serpe fanse brebaxes que son bos para varias enfermidades e combater os meigallos.* (Tradición oral familiar, meu tío e veciños, Valón, 1970)

Nomes tradicionais: *Culebra, Culebrón, Cobra, Cóbrega, Serpe, Serpente,Víbora, Bicha, Becha.* (Tipo ATU 56A* O animal faise o morto e captura o paxaro)

NOTA: - *Peligro grave.* En caso de mordedura ir inmediatamente ao hospital. A tradición oral (un tesouro herdado) non ten nada que ver coa ciencia. Acudir sempre ao médico.

***A Cova da Serpe de Covarradeiras.*** *Na mina de Covarradeiras hai un túnel que comunica a mina co mar. Dis que alí na cova se aparecía unha serpe.*

***O Valado da Culebra.*** *Se di que a ese lugar chámanlle o Valado da Cule-*



*Fig. 1. Seres míticos da Terra e do Aire*

*bra porque aí aparecíase a culebra e que criaban moito alí.*

***A Víbora.*** *Unha vez traboulle a unha muller unha víbora e quedou majareta.* (Tradición oral veciños de Covas. Recollido por Juan López Hermida, 2002)

A serpe é xenio protector das fontes da vida ea saúde; en moitas culturas antigas tiña carácter benefactor e protector. A fascinación que exercen algúns animais sobre outros pode que sexa un fenómeno suxestivo, era unha crenza moi coñecida a nivel popular, como a culebra ó mirar con fixeza para ó sapo ou paxaro, ó atrae ata ela éo atrapa coa boca, e crese tamén que o gabián fai algo parecido cos paxaros antes de lanzarse. A ciencia biolóxica seguro que ten a explicación racional deste feito natural. Esta lenda e crenza da culebra que mama é universal non hai continente nin nación que non a coñeza.

**O ADIVAL OU MEIRO. AS ÁNIMAS. A SERPE DA CORDA**

Un home de Valón foi pola mañá cedo ao prado a segar herba para darlle de comer os animais, cando rematou foi cargando os lotes de herba no carro. Xunguiu as vacas e sentouse por riba da herba (no carro); chamou as vacas coa aguillada e púxose de camiño de volta a casa, Pero ao pouco oíu un ruído como o dun cascabel ou de ferros, mirou para atrás e non veu nada, estrañándose moito seguiu, pero de cando en vez o ruído foise repetindo todo o camiño chegando a coller certo medo xa que non vía ninguén, pensando si serían as ánimas do outro mundo que o perseguían. O chegar a casa e baixar do carro veu na traseira o cabo da corda colgando que arrastraba e petaba coa argola nas pedras do chan, ondulada coma unha serpe.

(Trad. oral familiar, meu tío Ramón e veciños, en Valón 1965) (Relacionado co Tipo AT 1203A, AT 1315)

*Adival* = corda do carro. *Meiro*=corda máis grosa e forte para o monte.

**O MAIS ALÁ E OS SINAIS DE MORTE**

**O ESPIRITO DAS CADEAS NO SOUTO. AS ÁNIMAS**

*Ían un día pola noitiña dous irmáns de regreso do prado andando co gado polo camiño do Cal dos Pegos por riba do Porto do Río (próximo a Villaboide), cando de repente oíron un ruído como de arrastrar cadeas ou ferros que se repetía e como xa escurecera colleron medo, o outro irmán lle dixo: ¡Vámonos Santiaguiño que aí ven o demo! E foron apurando o paso. Eles tamén pensaron que si serían as ánimas dos defuntos ou a Santa Compaña. Os irmáns eran familiares nosos.* (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, miña avoa María, 1891-1977).

Estos son os espíritos que andan errabundos no intramundo, ánimas do purgatorio que non poden descansar, que non teñen acougo nin poden entrar no ceo nin no inferno sen pagar as súas penas, as veces preséntanse soas e non van na Compaña. As ánimas están unidas á outra vida con cadeas.

**A Ánima en Pena do Camiño da Cruz**

*Se contaba no lugar que a un home que ía andando polo camiño da Cruz que vai de Valón ao cemiterio de Doniños de noite se lle presentou no medio do camiño un ánima toda cuberta cun hábito escuro e lle dixo: —Oes Andrés, tes que facerme un gran favor, tes que racharme a roupa que levo posta.— O home quedou moi sorprendido e con certo temor, pero pensou que o mellor era facerlle caso e facer o que se lle pedía. Así que coa fouce que levaba cortoulle o habito para liberalo. ¡Grazas! E o dicir esto formouse unha gran polvareda na que o ánima desapareceu. Esto creo que debeu de ser polo mes de Santos-Defuntos. Esto se facía para poder liberarse da condenación que a ánima estaba padecendo. Pero hai que ter coidado de cortar ou rachar o habito de abaixo para arriba, porque senón estas perdido, lévate con ela para abaixo. Esto facíase con algo cortante de ferro, cunha gadaña, fouce ou navalla.* (Trad oral familiar. En Valón miña avoa María miña nai e meu tío, 1965).

**A Visión do Enterro**

*Un home de Valón ía denoite por un camiño que se chama a Corredoira do Roxo e veu que pasaba xente e apartouse para deixala pasar subíndose a un ribón e veu pasar un enterro. E aos poucos días despois morría un veciño do lugar. Se cría que este home era vidente.* (Trad. oral familiar, miña nai, Valón, 1965)

**As Ánimas en pena na encrucillada**

*Unha noite un veciño de Valón cando ía andando polo camiño preto dunha encrucillada oíu como as almas en pena o chamaban, sen pensalo dúas veces fixo (trazou) un círculo e unha cruz no chan coa vara que levaba como bastón e meteuse dentro para protexerse das ditas ánimas. E non lle pasou nada. Outros dicían que oían como silbaban.* (Trad. oral, Valón, veciño D. Antonio Calvo, aprox. 1960).

**A Santa Compaña en Valón. O Camiño do Cal**

*Dicían os vellos que a un home de Valón, un día que ía de noite polo camiño do Cal oíu uns ruídos de ferros como si arrastraran cadeas e veu como unhas luces acendidas se movían notando un cheiro como a cera queimada, e notou como un aire frío, estremecendo ante tal visión e collendo moito medo púxose a correr axiña. Dicían que si se aparecía a Compaña había que apartarse do camiño e fuxir rapidamente. Ou apartarse e facer no chan un círculo e unha cruz e meterse dentro para que*

*as ánimas non te levaran.* (Trad. oral familiar. En Valón miña nai, e veciños, 1965).

**A COMPAÑA NO CASTELO DE SAN FELIPE**

*Un home ía denoite camiñando tranquilamente cando notou que lle daban un forte empuxón: —¡zas! éo botaban fora apartándoo do camiño; el sigueu e por segunda vez volveron a facerlle o mesmo, i el dixo que fora a Santa Compaña.* (Veciña do lugar Sra. Fortuna. 1980)

**O AVISO. O SINAL**

*O tío Nicolás un día que saíu denoite a horta oíu chorar un neno varias veces pero por máis que miraba non veu a ninguén, cando volveu a entrar na casa, dixo: -¡Non oíchedes chorar, - Non, contestaron os de dentro. E ao outro día veu o sobriño que vivía lonxe, dicindo que morrera o seu avó.* (Trad. oral familiar, miña nai, Valón, 1965)

**OS TRES PETOS**

*Un día que a familia estaba xa recollida descansando tranquilamente na casa, polo medio da noite oíronse tres fortes petos na porta —¡Pun, pun, pun! Quedaron todos sorprendidos. ¡Que será eso, que pasará! foron mirar e non viron a ninguén. E para o outro día morría unha persoa da casa. Se dicía que eran as ánimas que viñan a buscar a un cando ía morrer.* (Trad. oral familiar, miña nai, Valón, 1965)

**A VISION DOS ANIMAIS (O INSTINTO)**

*Nunha casa do Pereiro una día estaban os animais do curral e na corte as vacas todos intranquilos, porque vían moita xente na casa (vían un enterro) a familia un pouco asustada dicía: —¡Que lles pasará os animais!E para o outro día morría o cabeza de familia.* (Trad. oral familiar, miña nai, Valón, 1965)

E crenza que os animais domésticos, principalmente as vacas e cabalos, tamén "ven a visión" ou a Compaña, por eso se asustan pola noite sen ter aparentemente ningunha razón para facelo.

**A LUCIÑA**

*Contaba as veces miña avoa María que un día estando denoite xa deitada na cama veu "unha luciña" (luz pequeniña) que se lle aparecía tras dos pes da cama preto da ventá e despois ao outro día morría unha persoa do lugar.* (Trad. oral familiar. Valón, miña avoa 1970)

**As tres luces**

Nunha casa un matrimonio cando se ían a deitar viron como na cabeceira da cama se encendían tres velas (ou tres luciñas) i eles lle pasaron a man para apagalas e quitalas e non se apagaban nin se querían ir, e aos tres días morría o cabeza de familia. (Castelo de S. Felipe, veciña Sra. Fortuna, aprox. 1920. Rec. en 1980)

**As luciñas no Prioiro**

*Un día de madrugada que uns pescadores do Prioiro xa viñan de volta ao Porto viron unas luces que se movían polo monte arriba e logo baixaron hacia o mar quedaron moi sorprendidos e non lle atoparon unha explicación. Cando unha persoa se afogaba, din que se vían (se aparecían) luciñas pola praia, e xa sabían que ía a haber algún afogado.* (Trad. oral en Covas, veciña Maruja F. 1985)

**O Facheiro da ánima. A luciña**

*Unha veciña de S. Xurxo, un día que a noitiña ía polo camiño de volta para a casa veu un "facheiro," que se lle aparecera, e dicía que ía a haber unha desgraza ou unha morte. A xente dicía que esa veciña era vidente.* (Trad. oral, Francisco Gen, 1990)

**A Dama blanca**

*Miña avoa me contaba de neno, que as veces no lugar cando ía a morrer unha persoa se aparecía a media noite preto da casa unha " Señora" vestida de branco para anunciar unha morte. Indicando que ía a levar a alguén.* (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, miña avoa María, 1891-1977).

Xeralmente anuncia a morte do cabeza de familia. As veces tamén pode presentarse o mediodía. Este ser mítico pertence o folklore europeo foi ben coñecido na costa atlántica, na Península, i en Europa. Está recollido no catalogo do conto folklórico universal (ATU Aarni-Thonson-Uterman).

**Os nenos sin bautizar. Campo da Cruz**

*Antigamente cando un neniño recen morría sen bautizar o enterraban no alto de Valón no lugar da Cruz. Non o levaban ao cemiterio. Alí había un cruceiro que o tiveron que amañar varias veces. Tamén a este lugar se lle chamou cemiterio de ingleses e de xentís*. (Trad. oral familiar e dos veciños. 1975) Outros nomes: A Cruz. Camiño da Cruz. Lugar da Cuz.

**OS QUE MORREN EN DESGRACIA**

*Hai ánimas que andan penando polos camiños. Son os que a morte todavía non lle tocaba de vir e por morrer antes de tempo as súas almas andan penando polo lugar e hai que coidarse delas, rezando, alumbrándolles, cumprindo as súas promesas, dando misas, etc. Son as almas que non descansan porque non poden. Son os aforcados, suicidas, afogados, accidentados, etc.* (Trad. oral familiar. Valón, familia e veciños, 1970)

**A CONVERSA CO DEFUNTO**

*Unha veciña facía tempo que se sentía desacougada por pensamentos e para librarse decidiu ir ao cemiterio e falar co seu defunto; e así o fixo e así foi.* (Trad. oral, en S. Xurxo. Francisco G. 1996)

**A DEFUNCIÓN**

*Cando unha persoa morría poñíase na habitación e botábaselle sal baixo da cama onde repousa o defunto, ou contra as paredes para que non se deteña alí o demo pois e inimigo do sal. E se tapaban os espellos cun pano negro para que non se retivera o espírito do defunto e que non se reflectira a súa imaxe.* (Trad. oral familiar. Valón, 1975)

**Algunhas características das ánimas recollidas da tradición:**

Se cre que atenden as peticións que se lles fan. As almas dos mortos volven a este mundo a resolver algún problema; a pedir contas sobre determinados feitos, homicidios, roubos, débedas, difamacións. etc. que tiveron en vida. Poden vir a coidar os filliños desamparados; axudan a atopar cousas perdidas; dan tundas aos homes que non as respectan, ou se levan con eles aos que non respectan os seus lugares sacros; preséntanse para desfacerse do hábito dos que son prisioneiros (hai que racharllo e logo desaparece). Veñen para que se lembren delas (os defuntos) e para pedir algún sufraxo (misas, oracións) que lles faga mais doada a estancia no Purgatorio ou para axudar a saír del e descansar en paz. Na nosa tradición os espíritos dos defuntos fan case as mesmas tarefas que os vivos, conviven nun mesmo mundo, na casa, no lugar e na parroquia están totalmente integrados na sociedade (tradicional). Crenzas herdadas do culto os antepasados mortos, practicado por todas as sociedades desde a prehistoria.

**A CADELA**

*As sinais de morte Dicían que de noite cando se oía ladrar un can como si*

*chorara, era que andaba "a Cadela" e traía desgraza ou anunciaba unha morte a alguén do lugar. As veces escoitaba aos maiores da casa dicir: -¡Anda por aí a Cadela, algo vai pasar!* (Trad. oral familiar, miña avó e miña nai. Valón, 1965)

**O can negro**

*É un can negro e grande que anda polos camiños anunciando a morte e sobre todo cando se acerca e se ve preto dunha casa. Cando ouvean ou choran pola noite anuncia unha desgraza ou morte e crese que se alguén está enfermo no lugar pode morrer. Cando se oe ladrar un can insistentemente toda a tarde ou pola noite dise: —¡Que pasará que ladran os cans! Ou despois de que ocorreu a morte dalgún veciño se dí: —¡Mira tí porqué ladraban onte tanto os cans!* (Trad. oral familiar, miña avoa e miña nai. Valón. 1965)

**A raposa**

*Dicía miña nai que cando a Raposa baixaba do monte (Casa dos Gafos) pola noite e se oía preto da casa que choraba coma se fora un neno, anuncia unha desgraza no lugar ou a morte dunha persoa, e cando se sae a mirar pola ventá nunca se ve.*

A raposa está chorando,
que lle pican as espiñas,
que lle levan os zapatos.

*Outras sinais premonitorias son:* Oír berrar os corvos ou as pegas todo o día preto ou arredor da casa. Oír berrar a curuxa ou o moucho de noite. Oír cantar a galiña coma se fora o galo. Ver un Can Negro e grande. Ver ou oír o Raposo ou a Raposa. Oír de noite silbidos, choros ou uns petos na porta (Trad. oral familiar. Pereiro/Valón, miña avoa e miña nai, 1965).

Todos estos seres míticos foron moi coñecidos, na nosa tradición. Noutras zonas de Galicia, ao Can Negro da noite, chámanlle O Canouro

**A calavera do camiño a san Andrés de Teixido**

*Un día que os romeiros ían a San Andrés (Teixido) entre eles ían uns mozos e no camiño a pouca distancia do santuario atoparon na beira do camiño unha calavera dun defunto, un deles que se tiña por máis valente doulle unha patada e os outros aínda que non o vían ben por non ser menos e demostrar a súa valentía fixeron o mesmo, a si foron dándolle patadas ata chegar a igrexa. Cando estiveron na porta a Calavera lles dixo -¡Grazas por axudarme a che-*

*gar que eu so non chegaría nunca!* (Trd. oral veciños de Canido, 1965). (Lenda universal, existen moitas versións, relacionado co tipo ATU 470A.)

**A CALAVERA. A CABAZA. ALUMBRANDO AS ÁNIMAS. O DÍA DE ÁNIMAS**

*Acordo cando puxemos na casa a "Calavera" por última vez, era unha tarde do mes de santos (defuntos) no inicio da noite eu estaba abaixo da horta, e apareceu meu tío Ramón cun melón dos que cultivaba e un coitelo na man. Foi cortando e vaciouno de pepitas, fixolle a forma dunha cara, e me dixo que si quería lle podía poñer os dentes con pauiños, e así o fixen. Despois trouxo unha vela e mistos (cerillas), acendeu a vela e colleu unha pequena lousa de pedra puxo a vela de pe e chantoulle por riba a calavera. Logo a colocou xusto encima do muro na beira do camiño (eu axudaba) onde se colle o desvío do carreiro que baixa para a fonte éo muiño de Valón. E alí quedou toda a noite. A verdade é que poñía medo vela lucir. Os que ían o muíño paraban alí a facer un descanso e pousaban o saco de fariña ou a cesta no muro e nos vixiábamos escondidos aos que pasaban para ver que cara poñían.*

*Por esa mesma data, un veciño que viña de volta e pasaba por diante da nosa casa nos dixo que había unha "Calavera" posta no camiño da antiga escola de Valón. Así que fun ata alí a vela i efectivamente alí estaba alumeando sobre un muro na beira do camiño preto do cruce. E daba medo vela. Os veciños dicían que a puxeran os rapaces para meter medo as mozas cando saían pola noitiña da costura.* (Costume tradicional, parroquia Doniños –o autor, 1962)

*A Calavera a poñiamos en Brión na fonte dos Milagres que está no medio da costa que baixa de Brión a Graña.* (Recollido en Brión de Julian F. 1980)

*A Calavera a poñiamos en Mugardos na veira dos camiños.* (Recollido en Mugardos de Juan Manuel R. L, 1980.)

*Cando eramos nenos os de Esteiro (Ferrol) nas calles había aínda hortas e eu me acordo de que poñiamos as calaveras feitas cun melón e unha vela acendida e as cravábamos no chan cun pau* (Recollido de José M. veciño de Esteiro aprox. 1945)

*A Calavera a poñiamos en Caranza logo nos escondíamos para asustar os que pasaban.* (Recollido en Ferrol, Francisco J. Moreno, 1980.)

**OS TESOUROS**

*Unha muller pedigüeña que ía polas casas de porta en porta, acercouse a unha veciña, dicíndolle que a deixara entrar que lle quería amosar algo, xa dentro e sinalando para o chan nunha esquina do solo da cociña díxolles que*

*tiñan un pote enterrado cun tesouro agachado dentro, asegurando insistentemente que era verdade. Os donos da casa crendo que era certo cavaron ata levantar todo e non atoparon nada, deixando o chan todo desfeito. Os solos das casas eran de terra pisada non como agora. Aínda moito tempo despois se notaba a marca do furado feito no chan.* (Trad. oral familiar meu tío e veciños. Valón, 1965)

*Un día o tío Marcelino foi a arar na nosa leira do lugar da Coviña e seu pai lle dicía: —¡Marcelino non afondes moito que pode aparecer algo (osos de defuntos), —E outras veces se dicía que podían aparecer cousas de metal ou cousas que brillaban (ouro, tesouros). Tamén se dicía que nas rodeiras que fai o carro podían aparecer cousas de ouro.* (Trad. oral familiar. Valón, a avoa e meu tío. 1965)

*Os nenos cando andábamos xogando polo campo e atopábamos unha pedra branca de seixo a partíamos por que se dicía que no medio podía aparecer ouro. Eu o fixen moitas veces máis que polo tesouro pola curiosidade éo xogo. Tamén se cría que onde había terra moi negra e solta ou rebrandecida podería haber algún tesouro. (Costume tradicional. Canido. 1965) Para saber desas cousas antigas e dos tesouros había xente entendida. O señor Francisco era moi entendido e tiña un libro antigo no que poñía todo eso, todas esas cousas antigas. (O Ciprianillo).* (Trad. oral familiar, miña avoa e miña nai. Valón 1970)

*En Covas por Marmancón hai un lugar que lle chaman O Tesouro.* (Recollido por Juan López Hermida en 2002)

Topónimo propio de lugares arqueolóxicos. Os tesouros xeralmente están nos altos dos montes, mámoas, castros, baixo as grandes penas, pedrafitas (menhires), nas covas i en bagoadas e as veces baixo das augas de mananciais, fontes, ríos e mar.

### Os túneles e os camiños míticos

*Hai un túnel que comunica a mina de Ponzos e vai saír alá lonxe no interior do mar diante da praia de Ponzos.*

*No castro de Papoi (Covas) hai un túnel que comunica o castro co mar. Os do castro ían a traballar na mina de ouro de Ponzos, a coller ouro para eles.*

*O castro de Papoi: Fixérono os mouros. Aquí viviron os mouros. Aquí había túneles, un día un porco meteuse nun túnel e nunca máis volveu.*

*Na mina de Covarradeiras (Covas) hai un túnel que comunica a mina co castro de Tralocastro de Esmelle.*

*En Pena Roiba había un túnel que chegaba ata Santa Comba, que pasa*

*preto da casa de Tia Avelina, e se dicía que era unha mina e que se vían paus. E igual é en Ponzos disque había ouro.*

*O castro de Tralocastro: O construíron os mouros. Hai un túnel que comunica o castro co mar e vai saír a praia. (Esmelle).*

*Dicían os vellos que antigamente en Lobadiz (Castro) había unha ponte de goma que chegaba ata as illas Gabeiras e criase que algo importante había alí nas illas que teñen herba por riba.*

*No camiño que baixa polo Outeiro (Doniños) hai un Marco (ou había) mesmo na veira do camiño e preto das casas, os vellos dicían que era moi antigo e que non se lle debía de tocar que era moi importante e tiña o seu significado. O meu vello non quería que se quitara. Era moi respectado polos antigos (como algo sagrado). No Outeiro tamén houbo antigamente unha Telleira, facían tellas alí.*

*En Sartaña houbo unha Telleira. (Covas, arriba da Praia de Sartaña).*

*O camiño que vai de Montecuruto aos Currás (Serantes) xa preto da carretera hai un marco que lle chamamos "A Extrema" era moi respectado desde antigo, porque divide as parroquias de Doniños e Serantes. Tamén Valón de Serantes.*

*Se dicía que os castros estaban todos comunicados por camiños, que sempre estaban rifando entre eles, que secuestraban as rapazas, e tamén que un o que estaba máis alto era o principal e os outros estaban sometidos a el. Nos castros vivían os mouros.* (Trad. oral, veciños entre 1972-2002)

**A MEXONA**

*Un día que estaba eu (de neno) xogando na cepa do hórreo, miña avoa saíu a horta a coller unhas verzas para darlle a vaca, o ceo estaba algo anubrado, pero ao pouco e de repente caeu un forte chaparrón que metía o auga no pescozo que fixo que tiveramos que entrar os dous na casa rapidamente, pero miña avoa díxome: —Foi a Mexona que pasou por aí arriba (polo ceo). Outras veces tamén se dicía: —¡Mexan de arriba! ¡É a Mexona que mexa moito!* (Trad. oral familiar, o autor no Pereiro/Valón, 1962).

Nas parroquias da terra de Serantes, cando na familia nacía unha nena se dicía: *—Naceu unha Mexona.* Pola analoxía con este ser mitolóxico de raigame prehistórica (tempestaria,Vella, Moura). Seres míticos que fan chover como un dos seus atributos.

A Mexona é unha "Muller Xigante a Muller Tormenta" a que trae a choiva a nosas parroquias, presentase e síntese —aínda que non se ve—cando hai unha forte treboada acompañada de moita auga ou aparato eléctrico. Bota

máis auga que o Tronante éo Nubeiro. *Si o auga que cae e moita e A Mexona quen a bota.* Creo recordar que este ser mítico non o recolle Murguía, nin V. Risco nin o Dicionario dos seres míticos galegos, por nomear algúns dos máis coñecidos, é unha pena por ser moi coñecido nestas terras da costa atlántica galega desde moi antigo. Pero non se esquece del D. Antonio Fraguas Fraguas. que en "La Galicia Insólita, tradiciones gallegas" di: Nubeiro/a, — *Cuando es hembra llueve más, son tronos "femias" y se llaman "Mexonas."* (páx. 88.), e tamén é nomeada por Xesús Vázquez en Tradiciones mitos, creencias populares de Galicia, 1990 Lugo.

**O arco da vella - A vella que porta o arco**

*Un día de primavera estaba na eira da casa xogando a machicar tellas vellas para facer cores e pintar na parede do hórreo, po que mesturaba con auga, lle chamabamos facer pemento, antes caera unha pouca choiva pero o sol brillaba, cando mirei para abaixo hacia a Chousa vin saír o Arco da Vella que ía desde a Piqueira ata a Barca era impresionante. Algúns nenos sabían estas cantigas das que eu só recordo a primeira.*

| | | | |
|---|---|---|---|
| Arco da Vella | Arco da Vella | Arco da Vella | Arco da Vella |
| vaite de aí | non mires pra min | vaite de aí | vaite de aí |
| que as nenas bonitas | que as nenas bonitas | que as nenas bonitas | que as nenas bonitas |
| non son para ti | non son para ti | non te queren aquí | non son para ti |
| | | | Que son para o rei |
| | | | que veu de Madrí |

Cando chove e fai sol / anda o demo por Ferrol / cunha ristra de alfileres / pinchándolle o cu as mulleres. (variacións: de restra: /cunca/cuncha).

Cando chove e fai sol / andan as meigas por Ferrol / (Trad. oral familiar, miña nai, aprox. 1960)

Existen numerosísimas variacións de este dito "universal" na Península i en tódolos idiomas do mundo non so de Europa. Outros en cast. : Cuando llueve y hace sol, sale el arco del Señor: (Arco Iris) que sempre sae nestas condicións. Cuando llueve y hace sol, baila el perro y el pastor. Cuando llueve y hace sol, se ríe nuestro Señor, cuando llueve y hace luna, se ríe la Virgen pura. Ingl. *When it rains and the sun shines the devil is beating his grandmother* (Cando chove e brilla o sol, o demo está golpeando a súa avoa. Var / rifa coa súa muller/).

É de todos coñecida esta cantiga do demo recolledor de alfileres que lle levan as súas devotas as bruxas que recollían por aí para facer as súas falcatruadas, como cravar alfileres a monecos, imaxes de cera, ou fotografías, etc. E sabido que as bruxas éo demo tamén traen as treboadas para danar persoas, hortas e cultivos.

Este ser mítico noso, a Vella (Nubeira, Treboeira, Mexona, Moura -/Muller Tormenta/) que porta o Arco (Arco de Iris) que trae a treboada ea choiva e unha muller xigante, invisible, posúe o poder da transformación e do voo, é o ser mítico máis antigo que posúe Galicia e quizais toda Europa un "Gran Espírito" feminino dos fenómenos atmosféricos un ser (do tempo mítico) "Primixenio" que conservou estas características prehistóricas; e de raizame moi anterior aos pobos celtas ea súa influencia cultural na celtiberia. A súa representación ritual no calendario agrícola en varias poboacións; se queimaba na luminaria unha moneca de tamaño natural posta de pe no máis alto dun pau feita de palla e revestida de negro —*Queimar a Vella.* Que marcaba a renovación do ciclo temporal e vital humano. Na mitoloxía grecorromana Iris é unha fermosa moza con ás, mensaxeira dos deuses.

**OS ARROLOS. O NUBEIRO EO TRONANTE**

*Na miña casa cando había unha treboada moi forte se encendía na lareira unha vela e ese poñía na mesa da cociña ou nun sitio que non estorbara (na alacea). A vela era a que ardera na igrexa de Doniños o Xoves Santo. Pechábanse as portas e ventás, e tamén as veces queimábase no lume (da lareira) unha ramiña de loureiro ou olivo sacada do ramo bendito do Domingo de Ramos tamén da mesma igrexa. Esto facíase para protexer a casa dos raios e para que se alongara pronto a treboada. E cando se oían os tronos e acercábase a treboada se dicía: —Arrolan as patacas no faiado. Andan aos arrolos polo ceo. O de arriba está cabreado.* (Trad. oral familiar, e veciños, Pereiro/Valón, 1962).

Noutros lugares da Península as treboadas son producidas por grandes carros cargados de pedras ou pan, (ou outros materiais) que van rodando polo ceo. Antes se sacaba a pa e o rodo do forno e se poñían en cruz diante da porta (da soleira da casa) ata que a treboada se alongue ou poñer as tesoiras abertas en cruz enriba da mesa. Tamén saír a fora da casa e bater forte en cacerolas, tixolas, potes, a campana da igrexa, etc. facendo un forte ruído. Antigamente a maioría das hortas das casas estaban rodeadas de loureiros, oliveira,viouteiro, cinamomo (herba da rabia ou de san Eleuterio), herba de san Xoán, romeu, ruda, etc. para protexerse contra todo tipo de males e sobre todo contra as treboadas, tradición herdada dos románs. Son múltiples os rituais de protección practicados contra as treboadas; un dos máis coñecidos é o de recurrir a Santa Bárbara que cristianiza as antigas crenzas e prácticas nativas prerrománs.

**Lenda de Santa Bárbara**

*Bárbara quedou orfa de nai aos sete anos, era filla única dun xeneral romano chamado Dióscuro. Pasado o tempo o pai tivo que saír de inspección a unha provincia romana, naqueles tempos era normal neses casos deixar encerradas as mulleres para protexelas ea deixou encerrada na súa torre pero con tódalas comodidades ea servidume, non era un castigo. A rapaza influenciada pola nova relixión converteuse ao cristianismo e se bautizou. Reformou a torre onde vivía que tiña dúas ventás construíndo outra para que entrara mais luz e como símbolo da Santísima Trindade. Cando o pai regresou e soubo todo esto non lle gustou nada porque ademais o avergonzaba ante os da súa condición. Así que propúxolle un matrimonio de convenencia, que ela rechazou, xa que impedíalle abrazar a verdadeira fe. Despois de varias tentativas o pai como non conseguiu que renegara a denunciou ao pretor romano, que someteuna a toda clase de castigos e vexacións para forzala á apostasía; como tampouco conseguiu convencela viuse obrigado a condenala á pena capital. O seu pai para limpar a súa honra, solicitou permiso para executar persoalmente a sentencia de morte. Así que chegado o día degolouna coa súa espada. Pero no mesmo momento el foi fulminado por un raio perecendo tamén.* (Tadición oral moi popular e coñecida)

Por este feito é considerada santa protectora das persoas e dos seus bens fronte as tormentas. Hai varias lendas e versións. A outra lenda tamén moi coñecida é diferente: Bárbara nacida en Hippo (Arxelia) filla de Alipius de coidada educación, culta e falaba varias linguas aprendeu o oficio da química co seu pai para a fabricación de explosivos en aplicacións bélicas, convértese ao cristianismo rechazando a numerosos pretendentes. Decidindo entrar como relixiosa no convento de Santa Perpetua. No ano 430 os pobos bárbaros, sitiaron a cidade de Hippo, onde seu pai morreu na súa defensa. Despois foi chamada para colaborar na defensa. Sitiada a cidade durante catorce meses foi obrigada a capitular. Os sitiadores en vinganza foron atacar o convento, ela vendo que a nada as podía salvar, como tiña moitas cargas explosivas almacenadas, prendeulles lume e formou unha gran explosión na que pereceron todos baixo os escombros (sitiadores e sitiados) ela incluída. Por este feito se considera a santa avogada e patroa dos: artilleiros, enxeñeiros de armamento, mineiros, pirotécnicos, traballadores de canteiras, fundidores, bombeiros, arquitectos, albaneis, construtores e cavadores de tumbas. Ademais de defender do raio, tamén do lume ea da morte repentina sen confesión provocada por explosións. Foi unha das santas máis populares na idade media sendo a patroa de numerosos pobos. Claramente as lendas son de dúas santas distintas co mesmo nome.

É unha santa moi coñecida e de gran devoción en Oriente Próximo. A súa festividade e moi celebrada polos cristiáns árabes de Siria, Líbano, Xordania e Palestina. Nestes países a celebración é similar en todo a como se fai no halowin irlandés-americano, os nenos se disfrazan e van recorrendo as casas pedindo doces e donativos mentres cantan cancións especiais para Eid il-Burbara ou Aaid al Bárbara (Santa Bárbara). Se colocan farois e lanternas, nas portas das casas como se facía aquí coas calaveras e cabazas en toda a Península. A crenza nestes lugares é, a de que Santa Bárbara disfrazouse de varios personaxes para eludir aos seus perseguidores romanos. De aquí ven a idea de disfrazarse como ela e ir visitando as casas. Costumes orientais e romanas que nos tamén herdamos nos nosos Maios i en Nadal. Festividade 4 de Nadal.

Foi dada de baixa do Santoral católico (1969) no Concilio Vaticano ii (Papa Juan xxiii) ao considerar que non había probas documentais que xustificaran a súa realidade histórica. Estas narrativas son a cristianización (piadosa) de antigas divindades mitolóxicas das treboadas.

Pero ademais pola data da súa festividade en Nadal como tódolos santos deste mes vai acompañada dos mesmos rituais antigos que se celebraban (neste mes) nas saturnalias romanas propias de toda a cultura oriental e mediterránea semella unha clara cristianización.

*Un día de moita tronada, tanta que no lugar non as tiñamos todas con nos, no medio dos tronos unha veciña moi maior saíu a porta da casa batendo coa cucharilla nunha cunca de leite para facer a manteiga e mirando para arriba intentaba alongar a tronada berrando: —¡Ai Santa Bárbara bendita me valga, creo en Dios a pe xunto! Días despois tódolos veciños comentaban e recordaban este feito.*

*Cando íamos polo camiño as veces coa vaca é nos sorprendía unha forte tronada, poñiamos o caparucho na cabeza e sempre se rezaba: Santa Bárbara bendita / que no ceo estás escrita / garda o pan e garda o viño / garda o home no camiño.* (var. *xente ou a vaca polo camiño*) (Trad. oral familiar, e veciños Valón, 1962).

**A choiva. Ditos tomados da tradición oral**

*Vai chover cando suba a marea - Vai chover cando cambie o vento e veña da boca da ría. Vai chover cando amaine o vento - Vai chover que van as nubes para Moeche. Ou para Ancos (Monte de Ancos) - Veñen as gaivotas para a terra: vai chover; vai facer mal tempo, ou estar malo o mar - Gaivotas a terra, mariñeiros a merda. Si a lúa ten cerquillo ou croa é que vai chover. Cando a lúa esta cos cornos para abaixo é que vai chover (está co-*

*llendo auga). Se a lúa alumea pouco é que vai chover. Si saen as formigas con as e que vai chover.*

*Para saber si vai chover, de rapaces trazabamos cun carabullo unha raia no chan onde a terra estaba seca e si no momento de trazala, se ve voar o po ea raia queda pouco marcada é que non vai chover, en caso contrario si.* (Trad oral pop 1965 -1990)

**Lenda de Santa Mariña do Vilar**

*Mariña era a única filla de Teódulo, prócer romano gobernador da Limia (Ourense) e orfa de nai falecida ao pouco do seu nacemento, polo que o pai entregouna ao coidado dunha criada campesiña que era cristián, esta educouna na fe de Xesucristo. Cando seu pai enterouse das súas crenzas repudiouna ea abandonou ao seu destino na aldea da súa coidadora. Era una moza fermosa e un día que pastaba as súas ovellas cando o prefecto romano Olibrio a veu intentou seducila, sen ningún éxito. Non acostumado a ser rechazado, indignado e coñecedor de que practicaba a fe cristián, mandou encerrala no calabozo infrinxíndolle determinadas torturas ata que accedese a razóns e a atender as necesidades do prefecto e renunciase a súa fe. O ver que non conseguía os seus propósitos mandou intensificar os tormentos ata que Santa Mariña quedou exhausta. Pero os intentos de Olibrio de queimala viva e afogala, non deron froitos xa que saíu milagrosamente salvada. Ante esta situación, mandouna decapitar. Cando o verdugo cortou súa cabeza esta caeu dando tres saltos no chan mentres dicía — !Creo, Creo, Creo! E en cada un destes saltos brotou un manancial. Estas tres fontes se consideran de augas milagrosas curadores de todo tipo de doenzas, tamén as espirituais. Por iso a súa fonte chámanlle "Fonte de Santa Mariña de Augas Santas.* (Recollida na catalogación das fontes na Fonte de Santa Mariña, Vilar-Ferrol, 2004.)

Existen variadas versións da lenda, máis extensas e completas. Santa moi popular en toda o occidente peninsular e andaluz. En realidade é, Santa María Margarida (Margarita). é a mesma santa coñecida con dous nomes o que as fai figurar como se foran dúas santas distintas (Santa Margarida en oriente). Ten moito culto no cristianismo de oriente igrexa ortodoxa. O nome de Mar-iña de orixe latino que signifca "a que ven do mar", realmente fermoso (como a deusa Venus). Foi retirada do calendario oficial romano (calendario Litúrxico), por ser de carácter lendario e non existir probas da súa existencia real en documentos históricos. Se autoriza so seu culto local. A súa festividade o 18 de xuño.

**LENDA DE SANTA LUCÍA**

*Lucía era filla dunha familia nobre e rica de Siracusa aos cinco anos quedou orfa de pai, (Lucio). A súa nai Eutiquia, a educou no cristianismo éo facerse moza a prometeu en matrimonio. Pero ela tiña outros proxectos quería consagrarse completamente a Deus e preservar a súa virxindade dando largas as proposicións da súa nai. A nai foi vítima dunha grave enfermidade (hemorraxias), e Lucía convenceuna para ir en peregrinación a visitar a tumba de Santa Águeda, en Catania, para pedirlle a súa curación. Estando ante o sepulcro rezando tivo unha visión, se lle apareceu Santa Águeda, rodeada de anxos que lle dixo: "Lucía, irmá, virxe de Deus, ¿por qué me pides o que ti mesma podes facer? A túa fe alcanzou a graza e túa nai está curada." Lucía contoulle a súa nai a visión que tivera e o voto que fixera a Deus, pedíndolle que non insistira na voda. E así foi que desde ese momento a nai quedou curada.*

*As riquezas que tiñan ea dote para a voda as venden e as reparten entre os pobres. Esto produce no mozo prometido un anoxamento xa que contaba con desfrutar deses bens o que o fai sospeitar que era cristiana, ea denuncia por despeito ante Pascasio gobernador de Diocleciano en Sicilia. Pascasio mandouna chamar para convencela de que renegara do cristianismo e que volvera aos rituais pero ela negouse a idolatrar. Como non conseguía convencela decidiu castigala enviándoa a un prostíbulo entregada á brutalidade dos libertinos para que fora mancillada na súa pureza. Así que para levala puxeron a Lucía nun carro, pero os bois non puideron moverse do sitio. Entón Pascasio mandou que a queimaran viva, pero sae san e salva da fogueira. E ao ver que aumentaba a conversión de moitos pagáns, mandouna degolar. Ao executar a sentencia dise que perdeu a vista e logo a recuperou e que tivo tempo a recibir a confesión. E que profetizou o fin da persecución contra os cristiáns despois da morte de Diocleciano.* (Tradición oral moi popular e coñecida na nosa bisbarra)

Foi unha santa de gran devoción, as mulleres maiores sempre contaban a súa lenda. E patroa de moitos pobos, avogada protectora dos oficios relacionados coa luz ea vista, cegos, modistas, xastres, costureiras (queimaban a vista cosendo con velas) tamén dos labradores, afiadores, escritores, cristaleiros, fotógrafos, electricistas, etc. Pero especialmente das mulleres por ser elas as que nos traen a Luz as protexidas das deusas do nacimento.

A santa Lucía por Nadal os nenos lle escribían unha cartiña pedíndolle os regalos que lle traería i ela viña de noite co seu burriño cargadiño de regalos e os repartía polas casas. Non era a única outros seres mitolóxicos o facían nos pobos da Península i en Europa por exemplo: o Esteru, as Anjanas, o Olentze-

ro, Tientapanzas, o Apalpabarrigas (Apalpador), El Guirria (non da regalos), Papá Noel, Viejito Pascuero, Colacho ou San Nicolás, Santa Claus, San Martiño, ou os novos Reis Magos de Oriente e moitos outros na Europa nórdica e oriental. Pasan os tempos e as sociedades incorporan, modifican, mesturan ou suprimen as vellas costumes por outras que veñen de fora e que pronto arraigan esquecendo as anteriores, que o cabo dun tempo (V. Risco lei do esquecemento aos 150 anos pérdese a memoria histórica - H. G. páx. 322) todos pensan o mesmo que "son as vellas tradicións." Sen embargo excepto as máis "universais" as antigas raramente se conservan e múdanse por outras novas. Un exemplo é a nova incorporación desta santa por Nadal de moito auxe nos países escandinavos que xa defenden como costume antiga.

Santa moi popular no cristianismo de oriente e occidente. A iconografía a representa cunha espada atravesada na gorxa, a palma do martirio, un libro, e unha lámpara e outras veces con dous ollos nun prato, bandexa ou copa. Como as anteriores existen variadas versións da lenda, máis extensas e completas. A pesar de que se da por boa a proba do seu martirio (s. IV) coa aparición no "22-xuño-1895" dun sepulcro na catacumba de san Xoán de Siracusa que parece dicir: «Euskia... morreu na festa de miña. ¿señora...? Lucía…». Datos moi imprecisos e de pouca validez científica a meu xuízo. Os especialistas seguen dubidando da súa veracidade histórica xa que a súa historia/lenda e similar a de moitas outras santas todas coa mesma narrativa e copiadas de modelos da mitoloxía clásica grecorromana e lendas de tradición oral antigas piadosamente cristianizadas.

O nome da santa, o mesmo que a deusa Juno Lucina/ Lucífera/Lucía, significa: *luz, a que porta luz, luz para o mundo, a luminosa, chea de luz,* era celebrada o día do solsticio de inverno entre 20/23 de decembro, día do "nacemento da nova Luz" (o Sol do Nadal) que en realidade era da divindade do ciclo temporal no solsticio de inverno Jano bifronte e Juno Lucina deusa do nacemento "a que trae a luz". ou "dia da nova Luz" unha das dúas "portas do mundo, portas do ceo, alfa e omega, principio e fin (de ciclo). Día da celebración romana do "Sol Natalis invicto," ou tempo de Nadal que na tradición antiga celebrábase acendendo grandes luminarias, poñendo velas, procesións de facheiros, nenos recorrendo as casas cantando e recollendo o aguinaldo, se repartían regalos e outras costumes herdanza da romanización.

Para varios estudiosos Santa Lucía e unha cristianización da deusa grecorromana Hera/Juno Lucina, e outras deusas cos mesmos atributos: Diana Lucina (Jana), Artemisa (Lucina), Ilithia ou Lucífera todas co mesmo atributo "traen a Luz, a nova Luz, traen o neno a luz" as deusas protectoras dos nace-

mentos (partos) da crianza, do matrimonio ea vida familiar. Unha personificación da antiga divindade a Lúa "Lucina/Lucífera" da vella crenza relacionada co nacemento éo posterior crecemento.

O día de Santa Lucía; 13 de decembro, coincidía antigamente o mesmo día do Solsticio de Inverno entre o 20/23 dec. , (calendario Xuliano) a noite máis longa do ano e día do inicio da nova luz; a partir desta data os días comezan a medrar polo que o soado refrán *(por santa Lucía mingua a noite e crece o día)* era o propio desta data (20/23) e non da actual o 13 en que é falso, xa que de aquí (13) ata o 20/23 o Sol (antiga divindade universal) segue declinando (-23º 27'). A nova reforma por desfase do calendario xuliano (Rf. gregoriana, papa Gregorio XIII) no ano 1582 en que o día 5 a de outubro pasa a ser o 15 (10 días), fai que a antiga data de santa Lucía/Luz, día do Sol Natalis pase do 23 ao 13. Así tamén pasou con ela a este día o ritual do culto solar que o acompañaba; as luminarias, facheiros, velas, luces, reparto de regalos, procesións e cantigas de nenos, inversión de roles, etc. , herdanza das saturnalias romanas e deusas dos nacementos que aínda hoxe conservan moitos pobos na Península i en Europa e que acompañan aos santos que as cristianizan nestas datas todo o mes de Nadal: Bárbara 4, Nicolás 6, Inmaculada *Concepción 8,* Olalla/Eulalia patr. *dos nacementos* 10, Lucía 13, N. Sra. *Esperanza* 18, Xoán Evanxelista (Jano o sol) 27, Sts. Inocentes 28, e Silvestre 31.

**Os cotovelos**

*Un día uns rapaces de Valón foron cando anoitecía a xunto outro para invitalo a ir a cazar Cotovelos. —Oes ti (nome do rapaz) ven con nos que imos os Cotovelos, —E que hai que levar. Vai a dentro e trae un saco valeiro e un pau. Asi o fixo o rapaz. Foron andando un bo pedazo ata que chegaron a un campeiro preto dunha arboreda. Anda mira. Un dos rapaces máis maiores colleu o saco cunha man abriuno, aniñouse e co pau na outra petaba no chan e dixo berrando: —¡Cotovelo ven, Cotovelo ven, Cotovelo ven,! Cotovelo ven o saco, Cotovelo ven o saco. Toma, se os queres cazar. Agora ponte ti e chámaos tes que esperar un pouco xa veras como veñen. Así o fixo. E mentres estaba entretido petando, os outros pouco a pouco fóronse marchando ata deixalo só. E ao outro día cando o viron se burlaban del dicíndolle: —¡Fuche a cazar Cotovelos!*

*Anda aos Cotovelos (paxaros). Fulano estaba cazando Cotovelos e cantaba: ¡Cotovelo ven. Cotobelo ven o saco!* (Trad. oral familiar, primos e veciños, en Valón 1965)

*Eu recordo que cando eramos rapaces nos dicían: —¡Anda vai coller Cotovelos ao monte!* (Trad. oral en Fene, un veciño de Fene, 2014)

Os Cotovelos son uns paxaros máxicos (mitolóxicos) de gran fermosura que teñen o poder de acadar algún desexo ou que traen riqueza a seu posuidor e que se poden cazar petando no chan para atraelos e cando se acerquen metelos nun saco. Noutros lugares de Galicia e da Península teñen outros nomes: Biosbardos, Gamusinos, Gazafellos, Cazarellos, Cazabellos, Gamburriños, etc. Tamén son espíritos que cando atacan a un o deixan abobado, atolondrado, sen gañas de facer nada, e pásase o día ollando para as nubes ou ensimesmado. Na parroquia cando se ve alguén que non fai nada se dicía: -¡Anda aos Cotovelos! Broma que se lle gastaba aos rapaces despistados ou inocentes.

**Os facheiros - As bágoas ou carreiras de San Lourenzo - As estrelas**

*Cando era neno no mes de agosto pola noite os de casa e algún veciño saiamos a fora arriba da horta a ver os "Facheiros" como cruzaban o ceo. E cando víamos o resplandor nos dicían que pensaramos nalgún desexo que se cumpriría. Outros dicían que íamos a ter boa sorte. Pero tamén había quen dicía que era sino de mal agoiro ou mala sorte. Que cando corrían os facheiros era que ía haber unha desgraza. Por eso cando se vea correr un facheiro débese dicir: —Deus te guíe. Tamén se dicía que eran as ánimas boas que andan polo ceo. As veces nos sentabamos ou nos tombabamos no campo para velos máis comodamente. Arriba da casa era un sitio excelente para observar os facheiros e as estrelas xa que so había a luz da lúa.*

*Tamén os maiores nos dicían que non contaramos as estrelas porque traía mala sorte. !Non se poden contar as estrelas!*

*As estrelas representan as ánimas dos defuntos. Cando se ven xuntas van no camiño de San Andrés (Santo André). Había tamén a antiga crenza de que cando unha persoa morría a súa alma ía para o ceo e se convertía nunha estrela. As estrelas guían os homes e as ánimas pola terra e polo mar.* (Trad. oral familiar, e veciños, Valón, 1965).

Facheiro ou Estrela fugaz é o trazo luminoso que deixa un meteorito (pedregoso Silicatos ou metálico Fe-Ni) que arde por rozamento o entrar na atmosfera da terra.

**Seres mitolóxicos do mar na tradición oral**

**As 9 ondas. As lagarteiras. As Catalinas**

*A finais de agosto ou a primeros de setembro polas "Lagarteiras" os veciños*

*de Covas e de Mandiá íamos a tomar o baño das nove olas nove días seguidos ás praias de Santa Comba e Ponzos.*

*Tamén os veciños de Valón e de Serantes íamos os nove días a tomar os baños a praia de Doniños. Nas Lagarteiras a marea baixa moito e sube moito, son as mareas máis grandes do ano.*

*Hai xa anos moitas mulleres maiores das zonas do interior viñan a Praia a tomar os baños de mar, a finais de agosto nas "Lagarteiras" deixaban os petates na area e se acercaban ata a ribeira, se refaixaban levantando as sáias ata as rodillas e metían as pernas na auga. Lles chamaban as "Catalinas". —¡Hai veñen as Catalinas! Era costume que a xente viñera a tomar os baños durante nove días seguidos; algúns ían contando as olas ata que os bañaran as nove olas. Esto facíase porque era bo para a saúde e quedar protexido contra os males todo o resto do ano ata o próximo que había que repetilo.* (Trad. familiar e veciños de Doniños,Valón, Mandiá e Covas. 1970)

*Chámanlle as Lagarteiras porque a marea sube moito e chega a tocar nas penas onde están os lagartos pousados ao sol, os lagartos sorprendidos suben polas penas movendo o rabo lagarteando.* (Trad. oral popular)

As mareas *"Lagarteiras"* só se producen dúas veces o ano. Son as denominadas mareas equinociais ou máximas. Se forman debido ao aliñamento nos equinoccios (marzo/setembro) Terra-Lúa-Sol ou Lúa-Terra-Sol, cando coincidan coa lúa chea ou nova¸ onde as dúas forzas gravitatorias do sol e lúa se suman. Pero ao meu entender tamén esta costume ritual (máxico-relixosa) está relacionada coas antigas crenzas na divindade luar e coa máxica crenza do número 9, a novena lúa do ano, os nove días, as nove voltas, as nove ondas do mar, as nove oracións, etc. Que aproximadamente coincide cunha das mareas máximas equinociais.

**As Catalinas.** A costume ou o inicio de tomar os baños no mar (históricamente) procede da raíña Isabel II (1830-1904) e foi por motivos de saúde, tiña unha enfermidade na pel e chagas que non cicatrizaban, e un dos seus médicos lle recomendou ir a tomar baños no mar. E así o fixo, foi co seu séquito as praias do norte (San Sebastián), nesas praias comezaron os baños de mar, claro bañábanse vestidos, ata o bikini hai toda unha fermosa historia da evolución do traxe de baño, e nesa historia entran precisamente *"as catalinas."* Cando xa a moda de bañarse era coñecida en toda a costa a principios do século XX, as señoritas e señoras (ricas) das cidades e pobos do interior viñan coas súas asistentas en carrozas a bañarse a praia de Riazor (Coruña), Deixaban os seus carruaxes e se hospedaban na praza de Santa Catalina, logo baixaban en traxe de

baño (vestidas) a praia e se bañaban. As serventas que non tiñan cartos para mercar un bañador, nos ratos libres tamén se remangaban subindo as saias e metían as pernas no mar para o gozo dos que alí acudían a mirar. Debido o transitar desde esta praza quedoulles as bañistas o nome do lugar de residencia. Esta denominación chegou a estenderse o resto das praias.

**O Queimacasas**

*Os nenos de Canido íamos moito a xogar o Triangulo da Malata (xa non existe) e alí collíamos cangrexos, camaróns, minchas e mexilóns ou nos entreteñíamos cos barallocos (lorchos) as veces se pescaban algunhas fanecas ou panchos. Pero o que nos chamaba a atención era que había moitos Queimacasas de cor escura, xogabamos moito con eles. "E dicían que non se podían comer nin levalos para a casa que si se cociñaban podían prender lume e incendiarse a casa."* (Trad. oral meus veciños de Canido-Ferrol, 1965)

Este ser mítico moi coñecido na nosa tradición oral pero que está pouco ou nada ben documentado na escrita. Mitolóxicamente falando son uns cangrexos malditos ou demoníacos. A súa lenda/mito era coñecido noutros lugares da costa galega i en Asturias. Non está recollido no *Dicionario de seres míticos galegos* (Reigosa, Cuba e Miranda, 1999. Ed. Xerais). No *Diccionario galego-castelán,* de Francisco Javier Rodríguez (1863) figura: Queimacasas. *Especie de cangrejo. No sé porque le llaman así. Acaso por necesitar mucho aceite.* Queimacasas *(Pachygrapsus marmoratus),* cangrexo corredor ou *zapateiro, sapas, mulatas,* etc. En cast. cangrejo de roca. Sinónimos: *Anacra negra; Ardecasas; Queimacasas, Martabela; Matahomes, Demo; Puta; Baeta; Canexa; Cangrexo; Cholito; Cámbaro; Jalo; Labi*a e outros.

**A estrela do mar**

*Cando eramos rapaces e íamos a praia de Doniños e atopábamos unha estrela de mar os maiores nos dicían que atopar unha estrela de mar traía boa sorte que había que collela e levala para casa e deixala secar ao sol durante un tempo e despois gardala porque traía boa sorte e facía que se cumprira algún desexo.* (Trad. oral veciños de Canido - Ferrol, 1965)

Era crenza moi antiga que as estrelas do mar eran as do ceo caídas (no mar). Existen varias lendas e narracións mitolóxicas en tódolos continentes nos países que lindan co mar, son realmente fermosas. A deusa Deva e seu amor é unha delas. Estrela de mar común (*Asterias rubens*).

**O cabaliño do mar**

*Íamos moitas veces a Malata a xogar cos troncos da Peninsular madereira, e ao Triangulo, as veces aínda que non abundaban víamos algún cabaliño do mar, e era unha sorte para quen o descubría. Dicían que había que collelos deixalos disecar e gardalos porque eran os cabaliños da sorte (traían boa sorte) e que os moían os menciñeiros para curar varios males, e que tamén eran bos para facer medrar o pelo.* (Trad. oral veciños de Canido. Ferrol, 1965)

O Cabaliño do Mar (*Hipocampus gutulatus*) e un ser mariño moi especial, mítico, máxico, extraordinario. Os mariñeiros o tiñan (ou teñen) como amuleto (boa navegación e pesca) o levan pintado, gravado ou tallado na ponte das súas embarcacións, os grandes barcos o levaban esculpido no mascarón de proa como protección ante as treboadas e marexadas. Este ser mítico e coñecido desde moi antigo un dos atributos das divindades do mar Poseidón, Neptuno, Deva e outros. Debido a súa singularidade converteuse en ser mitolóxico por dereito propio. E especie protexida en perigo de extinción, está prohibida a súa captura. Debido as abundantes crenzas populares de todo tipo, hai un denso tráfico e comercio ilegal en todo o mundo sobre todo nos países de Oriente. Os pescadores da ría de Ferrol e buceadores me din que aparecen as veces moi poucos exemplares en certos lugares que non convén revelar para súa protección.

**Ollo de Boi Vidal. Ollo mariño. Ollo de Santa Lucía**

*Hai xa moitos anos meu tío regaloume un Ollo de Boi Vidal, para que o conservara e me trouxera boa sorte; que a el llo regalara unha veciña moi maior que vivira creo que 102 anos, (Sr. Antonia L.) que a súa vez llo regalara a ela seu pai ou seu avó non o recordo ben.*

*Eu o conservo como herdanza familiar. Non sei onde foi atopado. Pero a súa antigüidade é como mínimo de finais do século xix. Eu levo regalado varios collidos nas praias de Covas sempre a mulleres para facer aneles, pendentes, medallóns ou pulseras, tanto decorativos como para amuletos de protección e da boa sorte. Aquí como noutros sitios son moi valorados.* (Trad. oral familiar o autor. Ferrol, 1970-2012)

Este amuleto máxico-protector e moi coñecido desde antigo (prehistórico) tanto na costa da Península, no mediterráneo i en gran parte do mundo con diferentes nomes e variacións tanto na forma como na multiplicidade de significados simbólicos o podemos considerar como un amuleto universal. Outros nomes son por exemplo: *Ollo de Boi do mar, de Boi mariño, Ollo mariño, Ollo Vidal, Embigo Mariño, Faba Mariña, Ollomao, Ollo de Santa Lucía,*

*Ojo Vidal, Orejillas, Peonza rugosa,, Ulls de Santa Llùcia, Ojos de Venus, Ollets (olliños), Ollo de Bruxa, de Serea, Ollo Turco, Ollo de Horus, Ollo de Shiva, Nazar Boncuk, o Gau, o Disco Pi,* o *Ollo na Man de Fátima, etc. etc.* Nos fala das súas aplicacións Frei Martín Sarmiento (*Umbilicus marinus. Umbilicus veneris. Oculus marinus* Catálogo de voces y frases). É o opérculo (o pe, lle serve de peche e protección) dun caracol mariño a *Astrea rugosa*. Tivo e ten o marxe do uso como xoia de adorno, multitude de aplicacións máxicas protector de todo tipo de males sobre todo contra o mal de ollo, traer sorte e un sen fin de usos na mediciña-máxico-popular. Pero de onde lle ben o seu poder?, na miña opinión na fascinación que exerce a contemplación dos rechamantes ollos de moitos animais, pero sobre todo de antigas crenzas do *ollo que todo o ve,* e dicir da simboloxía das luminarias celestes do *Sol ea Lúa,* do poder máxico do *circo* (circulo) a croa circular (circo dentro de circo), *a espiral, e da esfera celeste* símbolos que acadaron a universalidade en tódalas culturas; maxia que está implícita nesta marabillosa forma xeométrica pechada en si mesma (x2 + y2 = r2) onde *nada pode entrar nin saír.*

**A orella de mar. Os zapatiños da virxe**

*Un día estando na praia (Santa Comba) recollera algunhas cunchas e volvín con varias na man, unha delas era a Orella de Mar, o vela unha das amigas que me acompañaban díxome: -!Ah Zapatiños da Virxe! Hai que gardala que trae boa sorte. E así o fixen, claro hoxe teño varios zapatiños da virxe.* (Trad. oral o autor, Covas, 1989).

Cuncha tamén moi coñecida, é un ser mitolóxico de gran sona en todo Oriente que se vende como amuleto en moitas partes. Un dos mariscos máis prezados e máis caros en algúns países. Orella de Mar (Haliotis tuberculata). Outros nomes: Peneira, Orella, Tereixola, Concharela, Cuncha das señoras, Orei, Señoritas, Cribias, Manquilinas, Seis ojos, Oreja de Venus, Lapa burra, Carne de pez, etc.

**O corno. A bucina**

*Un día un veciño acercouse a miña casa e traía un corno na man, se puxo a soprar sacando un tremendo ruído, logo o baixou e mo puxo na orella dicíndome: —!Mira, escoita como se oe o mar de Doniños! Eu recordo quedar sorprendido do que oía nunca vira tal cousa. As pescadoras e outros vendedores cando nos viñan a vender polas portas se anunciaban tocando o corno. Dito popular —!Tocoulle o corno!* (Trad. oral, o autor e veciños. Valón, 1965)



*Fig. 2. As cunchas mariñas mitolóxicas*

A Caracola de mar (*Charonia lampas. Linne Charonia rubicunda. Perry. /Charonia nodifer/Tritón nodiferus*) ou *Bucina, Bocina, Buguina, Bucio, Corno, Apupo, Corneta,* etc. é sobradamente coñecida e seu uso antigo por parte dos mariñeiros e pescadores para facer sinais sonoras, comunicación e avisos sobre todo en caso de néboa. Tamén é símbolo das divindades mariñas; Vishnú, Neptuno, Tritón que tocaba para calmar ou levantar as ondas do mar. O *trasno Espumeiro* en Asturias tamén toca o corno en caso de néboa para aviso dos pescadores. As Bucinas foron consideradas un potente amuleto mariño "Caracolas da boa sorte."

**A vieira**

*Fomos de peregrinos a Santiago a cumprir unha promesa e tamén co desexo de facer o camiño, cortamos uns paus de bidueiro onde abundaban nun valado preto dun prado, e cun lazo azul amarrámoslle unha cuncha de vieira a cada pau que xa tíñamos gardadas das mercadas na praza (Ría de Ferrol). Temos moi bos recordos desas camiñatas, e quedamos moi satisfeitos de cumprir as nosas promesas; algúns repetiron outro ano. As cunchas de vieira as gardamos e aínda as conservamos porque din que traen boa sorte.* (Trad. oral familiar e veciños. Ferrol, 1998)

A documentación etnográfica (lendas, mitoloxía, etc.), escrita sobre esta cuncha da deusa Venus é tan extensa e de fácil acceso que so farei un breve esquema. Símbolo: do peregrino, boa sorte, fecundidade, nacemento, renacemento, rexeneración, afrodisíaca, do auga do mar, sarcófagos mortuorios, protección contra a bruxería, mal de ollo, mala sorte, enfermidades, etc.

Outros nomes: *Vieira* (*Pecten máximus,* Linné), *Aviñeira, Peregrina, Cuncha de pelegrín, Xacobea, Cascarrón, Cunha de Venus, Venera,* etc. As cunchas en xeral son símbolo feminino e amuleto máxico-relixioso en tódalas culturas con multitude de crenzas que acompañan a humanidade desde a máis fonda antigüidade; pero como todo tamén teñen a súa ambivalencia é hai a crenza popular de que son de mal agoiro traelas para a casa e gardalas. . Dos anteriores seres míticos do mar, terra e aire, eran coñecidos antigamente fermosas narracións lendarias e mitolóxicas que non se conservan na nosa tradición oral por non haber sido recompiladas por escrito antigamente e que se coñecen na mitoloxía e etnografía escrita de outros países pero que non as conseguín recoller no noso pero que creo na súa existencia por conservarse na memoria algo da súa narrativa.

## Bibliografía consultada

Tradición oral recollida no antigo concello de Serante e no de Ferrol entre 1965 e 2014 polo autor deste texto. (Debuxos realizados polo autor). *Nota: Agradezo a Rosa Rouan Serantes, a cesión e transmisión das lendas recollidas no Pieiro (Doniños) o que aumenta a riqueza e coñecemento do noso patrimonio cultural.*

*El libro de los santos.* AE 1996. José M. Montes.

*Diccionario de la mitología clásica.* AEdt. 1980. Constantino Falcón M.

*Mitología griega y romana*. J Humbert. GG. 1982.

"Etnografía: cultura espiritual." Vicente Risco en *Historia de Galicia* de Otero Pedrallo,1973.

*Guía ecolóxica das cunchas e moluscos de Galicia.* Emilio Rolán, 1993. Guía de Peixes, Xunta de Galicia, Consellería de pesca, 1999. Dicionario da Real Academia Galega.

*Los refranes meteorológicos.* Wolfgakg Mleder Director de Proverbium. Universidade de Vermont (E. U.)

"Refranes alusivos al tiempo". Panizo Rodríguez, Juliana. *Revista de folklore FJD* 1993.

Artigos de varios periódicos e Bibliotecas dixitais.

*En Ferrol decembro, ano 2014*

# O insólito dalgúns topónimos

*Henrique Dacosta López*

No número catorce desta publicación, isto é, na revista do ano pasado, faciámonos eco do curioso e até insólito caso do topónimo *O Prioiro*. Despois de darlle algunhas voltas, xa que este mesmo nome de lugar, aínda que un chisquiño variado na súa morfoloxía, aparecía en dúas localidades fóra da nosa área lingüística —*Priorio*, a pouca distancia de Uvieu (Oviedo), e *Prioro*, na provincia de León, non lonxe de Riaño—, o certo é que daquela se nos pasou por alto que tamén en San Sadurniño, na parroquia de Naraío, nos podemos achar con esta mesma denominación toponímica. Aquí, coa súa forma en plural, quérese dicir, *Os Prioiros*. Así pois, temos unha entidade de poboación que responde ao nome de *A Fonte dos Prioiros,* e dous terreos, un co propio nome de *Os Prioiros* e outro co de *Tralos Prioiros,* este con arboredo.

O enigma acerca da orixe deste nome de lugar continúa hoxe prevalecendo, se ben puidese provir dun suposto *PRIORE latino, e co significado de 'primeiro, superior', probábel candidato, logo, a ser o seu étimo. Respondería pois —o noso lugar de Covas polo menos—, non sabemos se ao feito de estar ligado á primeira factoría baleeira existente en toda Galiza ou ao de existir un *prior* (ou abade) dentro desa congregación pertencente a Sobrado dos Monxes, que daquela corría co nome de *Granxa da Reparata/Reparada,* e sobre cuxos testemuños aínda nos restan os topónimos *Soagraña* e *A Casa do Frade.* Tamén apuntabamos o que Ángel Llamazares Sanjuán dicía con respecto ao topónimo leonés *Prioro*, xa que estariamos perante un hidrónimo, ou topónimo ligado á auga, e que quizá se puidese interpretar algo así como 'o de xunto á corrente' ou 'o de xunto ao regueiro', máis detalladamente explicado no citado artigo.

No entanto, aínda quixemos rematar o noso artigo da pasada revista deixando anotado simplemente outro topónimo curioso, *Doñinos*, así recollido por duplicado, e existente na provincia de Salamanca, e acerca do cal, sinalamos, habiamos de falar neste número quince case que con total seguridade, como así imos facer. En sintonía co devandito *Prioiro-Priorio-Prioro,* antóllasenos bastante claro que estoutro nome de lugar tamén ten a ver co

noso *Doniños* de Ferrol. O lingüista Amable Veiga Arias, no seu libro *Algunas catas en los orígenes del gallego*, dinos acerca del:

> «Creemos que se trata del diminutivo de *dom(i)nus* o quizá del mismo sufijo *-iño* usado con el valor de 'de' en *Fompedriña* 'fuente de piedra', donde el elemento pedriña es un adjetivo.»

Sexa como for, e admitindo o que Amable Veiga pode validar como unha posibilidade bastante plausíbel, e que traduciriamos, se cadra, como 'do Señor' (*Doniños* = do Señor), réstanos por dicir que o insólito deste topónimo fai que só apareza en territorio galego, como algo único logo, para o noso caso de *Doniños* [*San Román de*], de Ferrol; e para fóra de Galiza, o de *Doñinos de Salamanca,* na provincia do mesmo nome, tratándose dun municipio ás aforas da capital, e de Doñinos de Ledesma, outro concello, neste caso na comarca de Tierras de Ledesma, e idéntica provincia.

Ben recuadas no tempo terán ficado aquelas explicacións pintorescas e un bocadiño inxenuas a respecto de que o nome *Doniños* había de vir dunha composición de palabras, isto é, da unión de *Dous* e de *Meniños* ou *Neniños*, aludindo á lenda en que nos conta como dous nenos foron salvados unha vez que Cristo, disfrazado de romeiro, castigase a aldea de Valverde asolagándoa, após lle teren negado pousada en todas as casas. A idea das crianzas sobreviventes á maldizón grazas a que apareceron aboiando nunha cesta de vimbios, garda claras connotacións bíblicas. A antiga aldea de Valverde xacería baixo as aguas aínda na actualidade, lenda que podemos facer extensiva a outras localidades asociadas a lagoas como a de Antela ou a de Lucenza.

Non obstante, esta maneira de tentar explicar a nosa toponimia, continúa tendo os seus adeptos, moi a pesar do nulo peso científico que atesoura, e até forman parte da nosa tradición popular, unha vez arraigaron. Simpáticas son, non cabe dúbida, menos aborrecidas que a propia explicación filolóxica, máis técnica e tediosa. A procedencia acerca do noso *Chamorro*, e nome da virxe avogosa dos mariñeiros, por exemplo, ten formulado esa lenda en que a fantasía popular enxendrou o relato do náufrago que se achaba en perigo e que invocando a frase "xa morro", daría nacemento ao tal topónimo, e á *Virxe de Chamorro,* cuxa outra denominación haberá de ser tamén a da *Virxe do Nordés.*

Un terceiro e último topónimo do que nos queriamos tamén facer eco hoxe é o de *O Gamoal*. Denomínase deste xeito unha zona de monte situado no lugar que coñecemos como a Fonte da Tella, no Prioiro, en Covas logo. Só

fomos capaces de dar con outro nome de lugar idéntico, aínda que ben lonxe de aquí, en San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense. Estámonos a referir a que o achamos no Nomenclátor de Galicia, pertencente ao Proxecto Toponimia de Galicia, proxecto que foi abandonado de maneira inexplicábel pola administración un tempo atrás. Esta pequena entidade de poboación pertence á parroquia de Oseira, afamado lugar onde se encontra o célebre mosteiro cisterciense do mesmo nome. Con todo, e indagando na internet, fomos capaces de dar con este enlace de enorme interese para o noso caso, http://www.academia.edu/6057807/O_Gamoal_en_Galicia, un artigo no suplemento "O Faro da Cultura", do xornal Faro de Vigo, do 13 de febreiro de 2014, titulado "O Gamoal en Galicia. Bucranios romanos de Tomonte", da autoría de Alberte Reboreda.

Aínda que as resonancias deste topónimo, agora recollido como *El Gamonal,* e o cal asociamos directamente cun barrio da cidade de Burgos que saltou ás primeiras planas dos noticiarios debido aos disturbios e protestas que alí se sucederon ao longo do mes de xaneiro de 2014 pola posíbel construción dun custosísimo bulevar, tampouco as podemos pasar por alto. Con todo, dito nome de lugar vóltase a repetir igualmente noutras localidades españolas: nunha entidade menor de poboación pertencente ao concello de Talavera de la Reina, en Toledo; en Tegueste, na illa e provincia de Tenerife; e outra en Santa Brígida, na illa e provincia de Gran Canaria. Aínda é posíbel encontralo como *Gamonal de la Sierra,* un núcleo de poboación pertencente ao concello de Hurtumpascual, na provincia de Ávila; e unha *Hoya del Gamonal,* no montañoso municipio de Vega de San Mateo, outra vez en Gran Canaria.

Alberte Reboreda fai referencia a outros *O Gamoal* que, aínda non estando no Nomenclátor de que antes falabamos, foron por el recollidos. Así pois, habería un en Xinzo de Limia e outro na Mezquita. Igualmente, alude ao topónimo A *Fonte do Gamoal,* no concello de Vilardevós, todos tres na provincia de Ourense. Está claro, tanto para nós como para o propio Alberte Reboreda, que Gamoal é un fitotopónimo ou, o que é o mesmo, un nome de lugar que fai alusión a plantas. Posúe unha raíz (*gamo-*) que ten que ver coa palabra 'gamón', máis un sufixo (-*a*l), que é o que lle dá a idea abundancial, quérese dicir, alúdese a un lugar abundante ou poboado por gamóns. O gamón é unha planta monocotiledónea da familia das liliáceas, que pode ter uso medicinal. Pertence ao xénero Asphodelus, e as máis coñecidas son a *Asphodelus albus,* robusta, perenne, con flores brancas en forma de acio e abundante nos terreos ermos; a *Asphodelus aestivus,* con acios

ramificados e flores rosadas; e a *Asphodelus fistolosus*, máis pequena que as anteriores, e coas flores cor de rosa clara. Medicinalmente, úsanse para tratamentos de doenzas da pel.

Contrastando distintos dicionarios, alén da tan socorrida Wikipedia, puidemos comprobar que dita planta responde a varios nomes sinónimos. Á parte do de gamón que xa dixemos, e gamota como variante da mesma raíz, temos así mesmo os nomes *abrótega, abrotea, apóutiga, breca, herba do gando, lumbrieiro, nunú, ouropesa, ouropeso, pé de pita, petuga* e a propia palabra de etimoloxía grega da que tira o seu nome científico, *asfódelo*. En Covas parece ser que hoxe correría co nome de abrótega, se ben gamoal, o propio topónimo, continúa a ser bastante transparente, e asociado a dita planta, que a xente maior é capaz de identificar como tal.

Insólitos nomes de lugar, como ven, que enriquecen a nosa abondosa toponimia. Topónimos que, á fin e ao cabo, falan de nós, moitos deles do que xa fomos pero moitos tamén do que somos e do que aínda desexamos ser.

R.S.I. N.º 123567/C

**Cetárea de Cobas**

**Vivero de mariscos**

Envíos de mariscos vivos,
a domicilio, a toda España

**Cobas - Prior**
**Tlf.: 981 36 55 55 • Fax: 981 49 50 74**
**Ferrol (A Coruña)**
**www.goma2.com/mariscos**
**mariscos@goma2.com**

# Un estimulante coloquio sobre *Os desherdados*

*Henrique Dacosta López*

*Os desherdados* é o título da nosa segunda novela, logo de *Mar para todo o sempre* (1992). Foi editada pola editorial Embora de Ferrol no ano 2006. Transcorre a súa acción por terras da comarca de Ferrol, Moeche, e aínda polo Barqueiro e Viveiro, de aí que poidamos dicir que se trate dunha narración itinerante. Pese a todo, é unha novela que garda unha profunda raigame na terra. Dáse nela un protagonismo compartido, de modo que é posíbel falarmos dunha novela de personaxes, aínda que sobre todos eles é Balbina, sen dúbida, a que máis sobrancea ao longo do relato. Movéndose fundamentalmente dentro do realismo, non podemos deixar de sinalar o feito de que en certa medida se poida aproximar ao realismo máxico. O elemento social, que talvez destaca sobre os demais, vese aderezado doutros elementos como o das crenzas e mitoloxía popular, onde o inexplicábel acha aquí o seu sentido, así como o mundo dos soños, o somnambulismo sobre todo, pois que este cobrará substancial importancia.

Balbina é unha sorte de heroína á forza. Muller de carácter e feita a si mesma, consegue a admiración e recoñecemento de cantos a rodean a por de valentía, entrega e solidariedade para cos demais. Sen mai desde moi pequena, co pai alcoolizado, é capaz de reconducir a vida deste e a súa propia desde idade ben temperá. En terras de Moeche casará cunha persoa do Barqueiro, Ramón, que garda un enigmático pasado. As minas de toelo, da pedra de Moeche onde traballa, esgotaranse no entanto, e o sustento familiar terano ambos que ir procurar noutros pagos. A parroquia de Covas, en terras de Ferrol, haberá de ser a onde se encamiñen. Traballará el na construción dos túneles de defensa das baterías de costa —estamos en 1940—, e ela farao de lavandeira para a tropa e prisioneiros de guerra que, por súa vez, constrúen un acuartelamento algúns quilómetros máis abaixo.

Reencontrarase Balbina aquí coas súas raíces, as cales ignoraba até o daquela. Fora súa mai, Sefa, mai solteira e expulsada da casa en que traballaba desde nena. Xuntárase con Bieito, un estibabor desarraigado do porto de Ferrol, e tomaran o rumbo das canteiras do toelo en Moeche. Mais Balbina garda un segredo do seu pasado, o cal só será desvendado no remate da narración. En Covas, en fin, sucederá a construción militar e toda unha serie de acontecementos de relevancia que teñen como protagonista á Balbina heroína. O mundo do traballo, da contestación social, da dignidade que ela abandeira, así como daquilo que máis a inquieta desde un principio, a chamada das raíces, e que os soños lle revelarán, conforman es-

ta intrigante novela, pero que o lector só poderá saber ao final ao mesmo tempo que a propia Balbina.

Esta é unha sinopse do relato, en grande medida protagonizado por Balbina, pero tamén por outras xentes imaxinadas de Covas, así como polo seu territorio, o cal cobra igualmente enorme protagonismo. Acerca de Os desherdados falamos o pasado 25 de novembro, ocasión que se nos brindou, logo de ter sido lida a novela polos integrantes do Club de lectura de Adultos do IES Sofía Casanova de Ferrol. Xa de antemán, debo dicir que foi para min un acto emotivo e tremendamente gratificante poder charlar da miña obra de maneira tan distendida. Os lectores, verdadeiros entregados á causa, fixeron unha análise de novela exhaustivísima, tanto que mesmo me deixaron atónito por tamaño partido como lle foron tirando. A profesora e amiga, Pilar Berrio, actuou de presentadora da actividade, glosando aspectos de carácter biográfico, pero que, para a nosa sorpresa, se estenderon até límites insospeitados cun power point en que con total pormenor fixo unha localización xeográfica da novela, un estudo psicolóxico dos personaxes, así como do estilo e da lingua, explicación do título, temas, estrutura, etc.
*[Con este propósito, deixo aquí ligazón: http://lecturasnosofia.blogspot.com.es/2014/11/encontro-con-henrique-dacosto-un.html]*

